

**RESOLUCIÓN DO DECANO DA FACULTADE DE DEREITO DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 22 DE XULLO DO 2011,
SOBRE NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA MATERIA
“PRÁCTICUM” NO CURSO ACADÉMICO 2011/2012**

Consonte ó Plan de Estudos da Licenciatura en Dereito publicado por Resolución da Universidade de Santiago de Compostela do 25 de xuño do 2003 no “Boletín Oficial do Estado” núm. 184 do 2003, do 2 de agosto, e a corrección de erros publicada por Resolución do 1 de setembro do 2004, publicada no “Boletín Oficial do Estado” núm. 233 do 2004, do 27 de setembro, o “Prácticum” é unha das materias troncais do segundo ciclo, cunha carga lectiva de quince créditos prácticos.

A materia ten como contido a introdución á práctica integrada do Dereito e a elaboración e discusión de escritos xurídicos de uso común, e vincúlase ás áreas de coñecemento de Dereito administrativo, Dereito civil, Dereito constitucional, Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dereito financeiro e tributario, Dereito internacional privado, Dereito internacional público e Relacións internacionais, Dereito mercantil, Dereito penal e Dereito procesual.

Asemade, dentro dela inclúense oito créditos que se outorgan por equivalencia mediante a realización de prácticas externas nos despachos profesionais e nas institucións públicas e privadas que subscriban o oportuno convenio coa Universidade. Os sete créditos restantes cúrsanse mediante prácticas internas na Facultade.

Para os efectos da organización docente, a materia “Prácticum” está dividida no Plan Docente Anual da Facultade para o curso 2011/2012 en dez grupos de docencia.

Xa que logo, para a programación do desenvolvemento das actividades académicas correspondentes ó “Prácticum” durante o curso 2011/2012, sobre a base das propostas e acordos adoptados polos órganos colexiados da Facultade e da experiencia dos cursos anteriores,

RESOLVO

Primeira. *Elección de grupo e profesores responsables do “Prácticum”*

1. Os alumnos que se matriculen na materia “Prácticum” solicitarán a adscrición a un dos dez grupos nos que se divide a materia, consonte ó procedemento xeral de elección de grupo vixente na Facultade. A asignación de grupo realizarase, igualmente, mediante a aplicación das normas do procedemento xeral de elección de grupo, coa excepción prevista na disposición oitava desta Resolución.

2. O profesor ou profesores encargados da docencia de cada grupo do “Prácticum” son os responsables de organizar as prácticas internas que os alumnos deben realizar para superar a

materia, supervisar as prácticas externas e avaliar o rendemento acadado nunhas e outras sobre a base dos criterios establecidos na disposición cuarta desta Resolución.

3. Cando nun grupo do “Prácticum” figuren como encargados da docencia dous ou máis profesores, estes deben designar a un deles como coordinador do grupo e comunicar esta designación ó Decanato da Facultade.

Segunda. *Organización das prácticas internas*

1. As prácticas internas poden consistir na resolución dun ou varios casos prácticos, na redacción e discusión de escritos xurídicos ou noutras actividades igualmente dirixidas á introdución do alumno na práctica integrada do Dereito, que en todo caso deberán tender á interdisciplinabilidade.

2. O profesor ou profesores encargados da docencia de cada grupo do “Prácticum” celebrarán unha reunión cos alumnos do seu grupo na data do mes de outubro que fixe o Decanato da Facultade, co fin de expor a programación das prácticas internas.

Esta programación debe incluír dezaseis horas de docencia presencial ou de titorías, nos dous casos de asistencia obrigatoria para os alumnos, agás nos supostos excepcionais expresamente recollidos nesta Resolución, e preverá o réxime aplicable ós alumnos que poidan terminar a carreira na convocatoria do primeiro cuadrimestre e ós que concorran á segunda convocatoria ordinaria (setembro), de acordo cos criterios establecidos nas disposicións quinta e sexta desta Resolución. A carga lectiva restante cubrirase mediante o traballo do alumno.

3. A programación das prácticas internas será comunicada polo profesor ou coordinador de cada grupo do “Prácticum” ó Decanato da Facultade para a asignación das aulas e os demais medios necesarios para o seu desenvolvemento e para que reciba a oportuna publicidade.

Terceira. *Organización das prácticas externas*

1. Os alumnos soamente poden realizar as prácticas externas en institucións colaboradoras coa Universidade de Santiago de Compostela, no marco do correspondente convenio asinado expresamente para este fin. A cada alumno asignaráselle un titor na entidade colaboradora para a realización das prácticas.

As prácticas realizadas fóra desta convocatoria oficial non poden ser imputadas ó “Prácticum”, sen prexuízo de que poidan ser validadas como créditos de libre configuración. En todo caso, serán validados como créditos de libre configuración os correspondentes ás prácticas desenvolvidas a través dos programas de prácticas en empresas xestionadas polo Consello Social.

2. A duración das prácticas externas é de oitenta horas e realizaranse durante catro semanas, a razón de vinte horas cada semana, catro horas cada día. Malia o anterior, por acordo expreso

entre o alumno e o responsable da entidade colaboradora pode acordarse unha distribución diferente da carga horaria, garantíndose, en todo caso, a duración total de oitenta horas.

3. As prácticas externas realízanse entre os meses de novembro e xullo, segundo a dispoñibilidade de cada institución colaboradora, consonte á planificación que o Decanato da Facultade fará pública no mes de outubro. Os alumnos que estean a realizar as prácticas externas quedan eximidos durante o período de duración das mesmas de asistir ás clases presenciais ou as titorías obrigatorias que se programen nas prácticas internas.

4. A elección da institución e do período de prácticas levarase a cabo nun acto público que se celebrará na data do mes de outubro fixada polo Decanato da Facultade.

Nese acto, os alumnos matriculados no “Prácticum” serán chamados por orde da nota media simple do seu expediente, obtida directamente do Servizo de Xestión Académica, respectando os réximes especiais previstos nas disposicións sexta e sétima desta Resolución. Cada alumno chamado escollerá a institución e o período de prácticas que desexe dentro dos que se atopen vacantes no momento do seu chamamento.

5. Aqueles alumnos que non poidan asistir á reunión na data e hora sinaladas poden autorizar por escrito a outra persoa para que faga a elección no seu nome.

Os alumnos que non se atopen presentes ou representados poden solicitar con posterioridade que lles sexa adxudicada unha das prazas que resulten vacantes. Nestes casos atenderase unicamente á data da solicitude.

6. O período de prácticas correspondente ó mes de xullo queda excluído do réxime de elección previsto nesta disposición e resérvase, por esta orde de preferencia, para os alumnos que participen en programas de intercambio e para os que non consigan unha avaliación positiva nas prácticas externas e desexen concorrer á segunda convocatoria ordinaria (setembro) nas condicións establecidas na disposición quinta desta Resolución.

Cuarta. Avaliación do “Prácticum”

1. A superación da materia “Prácticum” esixe obter unha avaliación positiva do rendemento acadado tanto nas prácticas internas como nas prácticas externas.

2. Para obter a avaliación positiva do rendemento acadado nas prácticas internas é necesario reunir conxuntamente os dous requisitos seguintes:

a) Acreditar a asistencia a un oitenta por cento das horas de clases presenciais ou titorías obrigatorias programadas, salvo nos casos excepcionais de dispensa de asistencias ás mesmas expresamente recollidos nesta Resolución.

b) Recibir unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez nas actividades realizadas.

3. Para obter a avaliación positiva do rendemento acadado nas prácticas externas é necesario reunir conxuntamente os tres requisitos seguintes:

a) Acreditar a asistencia a un oitenta por cento das horas programadas.

b) Recibir unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez do titor asignado pola institución na que se realicen as prácticas. Esta cualificación comunicárase ó Decanato da Facultade, que a transmitirá ó profesor ou coordinador do correspondente grupo do “Prácticum”.

c) Presentar ó profesor ou profesores encargados da docencia do grupo do “Prácticum” unha memoria detallada das actividades realizadas, axustándose ó modelo recollido no Anexo desta Resolución. A memoria, se é valorada positivamente polo profesor ou profesores, pode incrementar a cualificación outorgada polo titor externo ata en dous puntos e medio, sempre que devandita cualificación sexa igual ou superior a cinco puntos, e sen que a cualificación total poida superar os dez puntos.

4. A cualificación final do “Prácticum” será a media aritmética das cualificacións das prácticas internas e das prácticas externas, sempre que a avaliación do rendemento acadado en ambas sexa positiva. En caso contrario, a cualificación será a de “Suspenso”, correspondendo ó profesor ou profesores encargados da docencia de cada grupo ponderar a cualificación numérica.

5. A cualificación final de “Non presentado” soamente procede nos casos nos que o alumno non participe en ningunha das actividades programadas para as prácticas internas e, ademais, non realice as prácticas externas, así como no suposto excepcional recollido na disposición sétima desta Resolución.

Quinta. *Segunda convocatoria ordinaria (setembro)*

1. Para ser cualificado na segunda convocatoria ordinaria (setembro) do “Prácticum” é necesario obter a avaliación positiva do rendemento acadado nas prácticas externas levadas a cabo no mesmo curso académico e realizar as actividades especificamente previstas para esta convocatoria na programación das prácticas internas do grupo de docencia asignado, as cales non poderán incluír docencia presencial nin titorías de asistencia obrigatoria.

A cualificación final da segunda convocatoria ordinaria será a media aritmética entre a cualificación das actividades especificamente previstas para esta convocatoria e a das prácticas externas realizadas durante o curso.

2. Os alumnos que non obteñan a avaliación positiva do rendemento acadado nas prácticas externas poden solicitar repetilas no mesmo curso académico nas institucións que ofrezan prazas no mes de xullo, excepto nos casos nos que as realizaron nese mes, e a nova cualificación valorarase na segunda convocatoria ordinaria.

Se a valoración do rendemento acadado nas prácticas internas foi positiva, o alumno non terá que realizar as actividades especificamente previstas para a segunda convocatoria ordinaria, senón que a cualificación final de devandita convocatoria será a media aritmética entre a cualificación das prácticas internas desenvolvidas durante o curso e a das prácticas externas repetidas no mes de xullo.

3. Os alumnos que tampouco logren superar a materia na segunda convocatoria ordinaria deben cursala de novo por completo noutro curso académico. Malia o anterior, se obtivesen unha valoración positiva do rendemento acadado nas prácticas externas non terán que repetir estas no curso académico inmediatamente posterior e a cualificación obtida conservaráselles durante o devandito curso.

Sexta. *Alumnos que estean en condicións de terminar a carreira na convocatoria do primeiro cuatrimestre*

1. Os alumnos que no momento de formalizar a matrícula do “Prácticum” estean en condicións de concorrer á convocatoria extraordinaria de fin de carreira, ou só lles falte superar esta materia para terminar a carreira, poden comunicalo ó Decanato da Facultade para o efecto de que se lles aplique o réxime previsto por esta disposición. O Decanato dará traslado do nome destes alumnos ó profesor ou coordinador de cada grupo de “Prácticum”.

2. A programación das prácticas internas de cada grupo de docencia do “Prácticum” preverá un réxime especial de actividades para os alumnos ós que se refire a presente disposición, que garanta que o seu rendemento poida ser avaliado no primeiro cuatrimestre. Así mesmo, estes alumnos teñen preferencia para escoller a institución e o período de prácticas para a realización das prácticas externas dentro da oferta prevista para os meses de novembro, decembro e xaneiro.

3. O Decanato da Facultade interesará da Unidade de Xestión Académica a apertura excepcional das actas do “Prácticum” no período correspondente ó primeiro cuatrimestre, para os sos efectos de incluír a cualificación obtida polos alumnos ós que se refire a presente disposición.

Sétima. *Alumnos que participen en programas de intercambio*

1. Os alumnos que participen en programas de intercambio realizarán as prácticas externas no mes de xullo nas prazas que se lles reserven para o efecto, consonte ó previsto pola disposición terceira desta Resolución, figurarán como non presentados na primeira convocatoria ordinaria e deberán concorrer á segunda convocatoria ordinaria (setembro), excepto en supostos excepcionais que deben ser valorados, previa solicitude do interesado, polo profesor ou profesores encargados da docencia do grupo do “Prácticum” ó que estean asignados e o coordinador do programa de intercambio no que participen.

2. Se o período no que cursan estudos fóra da Universidade Santiago de Compostela o

permite, os alumnos ós que se refire a presente disposición poderán realizar as prácticas externas nun período distinto ó mes de xullo. De optar por esta posibilidade, para a elección da institución e o período de prácticas non se lles recoñecerá preferencia especial algunha, salvo que acrediten que o mes de xullo forma parte do período no que participan no intercambio.

Oitava. *Adaptación total ou parcial das prácticas internas*

1. Cando as prácticas internas sexan obxecto de adaptación total, o alumno non terá que elixir grupo de “Prácticum”, senón que o grupo se lle asignará por defecto consonte ás normas do procedemento xeral de elección de grupo vixente na Facultade, e a cualificación daquelas será a media aritmética das cualificacións conseguidas nas materias valoradas para levar a cabo a adaptación.

2. Cando as prácticas internas sexan obxecto da adaptación parcial, ó alumno aplicaráselle o réxime previsto na disposición sexta desta Resolución para os alumnos que estean en condicións de terminar a carreira no primeiro cuadrimestre, e a cualificación daquelas será a media aritmética entre a media das cualificacións obtidas nas materias valoradas para levar a cabo a adaptación parcial e a cualificación conseguida nas actividades prácticas realizadas.

3. Para o efecto de facer efectivo o establecido nesta disposición, o Decanato da Facultade comunicará ó profesor ou coordinador de cada grupo do “Prácticum” o nome dos alumnos afectados pola mesma.

Novena. *Entrada en vigor*

Esta Resolución entra en vigor o mesmo día da súa publicación no taboleiro de anuncios da Facultade.

ANEXO

Modelo de memoria das prácticas externas

- Datos personais:

- Datos da Institución de destino:

- Nome do titor e cargo que ocupa na Institución de destino:

- Período de realización das prácticas externas:

1. CONTIDO:

- Descrición das actividades realizadas na Institución de destino (entre 20 y 40 liñas)

2. VALORACIÓN:

2.1. Contribución das tarefas asignadas á formación do estudante (15 liñas)

2.2. Grao de atención e titorización por parte do responsable na Institución de destino (15 liñas)

2.3. Grao de implicación efectiva do estudante no desempeño das tarefas asignadas (15 liñas)

2.4. Valoración global (entre 20 y 40 liñas)

Santiago de Compostela, a 22 de xullo do 2011.

O Decano

Luis Miguez Macho

DILIXENCIA

Para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 22 de xullo do 2011.

O Decano

Luis Miguez Macho

SRA. SECRETARIA XERAL; SRS. DIRECTORES DE DEPARTAMENTO DA FACULTADE DE DEREITO; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR